

**ROLDA LESTE DE OURENSE
TREITO: BEMPOSTA - N-525
CLAVE: OU/21/097.01**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a construción dunha nova estrada que una a OU-105 coa N-525, nos concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas, ambos na provincia de Ourense.

2. Plan de Estradas

A Rolda Este defínese como unha Estrada Convencional da Rede de Estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

O novo trazado entre a OU-105 e a N-525 parte da glorieta existente no punto quilométrico (P.Q.) 2+000 da estrada OU-105, que permite a conexión da dita estrada coa OU-510, no núcleo de Bemposta. Partindo deste punto, o treito da Rolda Leste discorre en sentido suroeste, ata acadar tras recorrer 1.550 m, a glorieta existente sobre a N-525 / OU-525, que permite o enlace da mesma coa autovía A-52. O trazado discorre en terraplén nos primeiros 400 m, posteriormente transcorre en desmonte con noiros elevados ata o P.Q. 1+180, condicionado pola liña ferroviaria de ADIF. Neste punto a nova vía entronca directamente coa glorieta existente. O acceso a dita glorieta dende / cara a N-525 / OU-525 redefínese mediante a execución de dous ramais (Ramal Sur e Ramal Norte). O Ramal Sur parte dende a estrada OU-525 mediante un carril de deceleración de 425 m. O Ramal Norte parte da glorieta existente, baixando ata a N-525 e entroncando co carril adicional actualmente existente que permite a entrada a Expourense, formándose un carril de trenzado de 280 m. Ao longo do trazado faise necesario definir as seguintes actuacións:

- P.Q. 1+225 e 1+320 (Tronco): Viaduto sobre o río Barbaña de 95 m.
- P.Q. 0+600 (Tronco): Paso inferior tipo caixón, onde se cruza coa liña ADIF existente e actualmente en proceso de ampliación 55 m.
- P.Q. 0+060 (Tronco): Paso inferior baixo a nova vía que permita dar continuidade a un camiño existente de 18,5 m.
- P.Q. 1+480 e P.Q. 1+500 (Tronco): Paso superior para dar acceso a EDAR San Cibrao. Tamén se definen dous ramais, partindo do Ramal Sur, que permitirían conectar o acceso a EDAR actualmente existente co enlace da N-525 de 20 m.
- Ramal Norte: muro de contención de colleira de 82,5 m.
- Ramal Norte: 3 muros de formigón armado de 138 m, 122 m e 90 m respectivamente.
- Varios camiños de servizo que permitan dar continuidade os camiños actualmente existentes.

4. Características técnicas

A nova estrada proxectada terá as seguintes características:

Velocidade do proxecto: 80 km/h.

Seccións tipo:

Tronco:

- 2 carrís (un por sentido) de 3,50 m
- Carril adicional na marxe esquerda ata aproximadamente o P.Q. 1+180 de 3,50 m
- Beiravías: 1,50 m
- Bermas: 1,00 m

Ramal Norte e Ramal Sur:

- Carril unidireccional: 4,00 m
- Beiravía esquerda: 1,00 m
- Beiravía dereita: 2,50 m
- Bermas: 0,50 m

Carril de deceleración e carril de trenzado coa N-525 / OU-525:

- Carril : 3,50 m
- Beiravía: 1,50 m

Ramais de entrada e saída a EDAR San Cibrao:

- Carril unidireccional: 3,5 m
- Beiravía esquerdo: 1,00 m
- Beiravía dereito: 1,00 m

Camiños de Servizo:

- Sección: 4,00 m

Firmes:

Tronco e acceso directo a camiño depuradora: Rodadura: 3 cm de hormigón bituminoso BBTM 11A BM-3B + Intermedia: 6 cm de formigón bituminoso AC 22 BIN 50/70 S + Base: 10 cm de formigón bituminoso AC 22 BASE 50/70 G + Subbase: 12 cm de macadam bituminoso y 25 cm de saburra artificial. Sobre as capas de subbase (coroada por macadam bituminoso), e sobre as capas asfálticas, salvo en rodadura, aplicaranse respectivos regos de adherencia mediante emulsión modificada termoadherente.

Glorieta sobre N-525: Rodadura: 3 cm de formigón bituminoso BBTM 11A BM-3B + Intermedia: 6 cm de formigón bituminoso AC 22 BIN 50/70 S + Base: 14 cm (en dos capas de 7 cm) de formigón bituminoso AC 22 BASE 50/70 G + Subbase: 14 cm de macadam bituminoso y 25 cm de saburra artificial.

Reposicións de firmes:

Camiños de servizo e accesos a fincas: 30 cm de saburra artificial.

Estrada paralelo ao ferrocarril: na execución do paso inferior baixo o ferrocarril será necesario demoler parte do pavimento. A estrada reporase con: Rodadura: 5 cm de formigón bituminoso AC 16 SURF 50/70 S + Subbase: 25 cm de saburra artificial; mentres que o camiño reporase con 30 cm de saburra artificial.

Camiño depuradora: Rodadura: 5 cm de formigón bituminoso AC 16 SURF 50/70 S + Subbase: 25 cm de saburra artificial.

Drenaxe:

Drenaxe lonxitudinal: empregaranse gabias triangulares revestidas e tubos que permitan desaugar cara as gabias, bordos de coroación nos bordos da beiravía en terrapléns e baixantes prefabricadas nos desaugues.

Drenaxe transversal: defínense 2 ODT no P.Q. 0+200 e 0+600.

5. Principais unidades de obra

Desmante o escavación en terreo sen clasificar	116.154,45 m ³
Terraplén ou recheo todo un con terreo procedente da escavación	86.430,60 m ³
Terraplén con terreos procedentes de préstamos	25.180,17 m ³
For. bit. en quente BBTM 11B PMB 45/80-65	1.828,31 tn
For. bit. en quente AC 22 bin 50/70 S	3.015,71 tn
For. bit. en quente AC 32 base 50/70 G	4.198,73 tn
Betume mellorado con caucho BC 50/70	91,42 tn
Betume asfáltico 50/70	280,18 tn
Saburra natural ZA - 0/32	2.609,63 m ³
Cem. para solo estabilizado y solocemento	593,00 tn
Solocemento tipo SC-20	5.198,22 m ³
Gabia triangular 2,00 m. de ancho	1.810,00 m
Gabia triangular 1,40 m de ancho	3.448,00 m
Tubo de PVC cor. Ø= 800 mm dobre parede SN-8	265,00 m
Viaduto de directriz recta < 50%	1.140,00 m ²
Paso Superior de vigas prefabricadas	240,00 m ²
Paso Inferior mediante caixón fincado	907,50 m ²
Paso inferior con marco H.A. (6,00 x 4,00)	111,00 m ²
Muro de hormigón armado H<5m	1.681,13 m ²
Muro de escollera	407,25 m ²
Desvíos provisionales	1,00 ud
Señalización vertical en tronco y enlaces	2.655,590 m
Cierre de malla h=1.5m	2.518,77 m
Reposición de red de abastecimento	1.095,00 m
Reposición de red de saneamento	1.110,00 m

6. Poboación servida

Ourense	104.250 hab	San Cibrao das Viñas	5.675 hab
---------	-------------	----------------------	-----------

O total da poboación servida é de 109.925 habitantes

7. Concellos Afectados

Ourense e San Cibrao das Viñas.

8. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto afectan a un total de 73 parcelas (72.794 m²), das cales:

Expropiación en terreo urbanizable	82.710,00 €
Expropiación en terreo rústico	463.237,50 €
Bens e Dereitos Afectados	78.258,00 €
Premio de afección (5%)	31.210,28 €
Orzamento Total Expropiacións	655.415,78 €

Existen outras parcelas afectadas dentro da liña de Dominio Público da OU-105, OU-510, N-525 (MITMA), liña ferroviaria existente e en execución (ADIF).



9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de VINTECATRO (24) meses.

10. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	8.889.015,15 €
Orzamento Total de Expropiacións e Indemnizacións	655.415,78 €
Orzamento Seguimento Ambiental	75.450,76 €
Orzamento Control Arqueolóxico	6.352,50 €
Orzamento reposición servizos	186.473,00 €
Orzamento para coñecemento da administración:	9.812.707,19 €

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIÓNS


TRONCO RONDA ESTE OURENSE _ Sección 3 carrís



TRONCO RONDA ESTE OURENSE _ Sección 2 carrís



ENLACE CON N-525 / OU-525



ENLACE CON N-525 / OU-525

